

**Centro Galego de Artes da Imaxe**  
**Programación 163**  
**Xullo 2006**

- **Cine + Guerra Civil**
- **MUTACI(O)NES: Novas perspectivas do cine contemporáneo**

Luns 3 20.30 h.	Cine + Guerra Civil <b>Programa 1. O inicio da guerra en Cataluña e Aragón</b> 90´. Entrada gratuíta.
Martes 4 19.30 h. (j)	Cine + Guerra Civil <b>Programa 2. A defensa de Madrid</b> 73´. Entrada gratuíta.
21.00 h. (i)	Cine + Guerra Civil <b>Programa 3. A crise republicana de maio de 1937: gañar a guerra ou facer a revolución?</b> 81´. Entrada gratuíta.
Mércores 5 19.30 h. (j)	Cine + Guerra Civil <b>Programa 4.</b> <b>ESPAÑA LEAL EN ARMAS</b> (Jean-Paul Le Chanois, 1937) <b>LA GUERRA EN ESPAÑA</b> (Antonio Solano, 1937) 75´. Entrada gratuíta.
21.00 h. (i)	Cine + Guerra Civil <b>Programa 5.</b> <b>FUEGO EN ESPAÑA (1937)</b> 58´. Entrada gratuíta.
Xoves 6 20.30 h. (P)	Cine + Guerra Civil <b>SIERRA DE TERUEL</b> André Malraux, 1939. 79´. Entrada gratuíta.
Venres 7 19.00 h. (j)	Cine + Guerra Civil <b>SPANISH EARTH</b> Joris Ivens, 1937. 58´. Subtítulos en galego. Entrada gratuíta.
20.30 h. (P)	Cine + Guerra Civil <b>ISPANIJA</b> Esfir Shub, 1939. 88´. Subtítulos en galego. Entrada gratuíta.
Sábado 8 18.00 h. (P)	Cine + Guerra Civil <b>EN EL BALCÓN VACÍO</b> Jomí García Ascot, 1961. 64´. Entrada gratuíta.
Luns 10 20.30 h.	Cine + Guerra Civil <b>Programa 6</b> <b>ESPAÑA HEROICA</b> Joaquín Reig Gozalbes, 1938. 86´. Entrada gratuíta.
Martes 11 20.30 h.	Cine + Guerra Civil <b>Programa 7. Fronte de Aragón 1937</b> 120´. Entrada gratuíta.
Mércores 12 19.30 h. (j)	Cine + Guerra Civil <b>Programa 8. A caída da Fronte Norte</b> 95´. Entrada gratuíta.
21.15 h. (j)	Cine + Guerra Civil <b>Programa 9. Noticario español (I)</b>

	74´. Entrada gratuíta.
Xoves 13 19.00 h. (j)	Cine + Guerra Civil <b>Programa 10. Noticiero español (II)</b> 74´. Entrada gratuíta.
21.00 h. (j)	Cine + Guerra Civil <b>Programa 11. Noticiero español (III)</b> 79´. Entrada gratuíta.
Venres 14 19.30 h. (j)	Cine + Guerra Civil <b>Programa 12. A intervención estranxeira</b> 70´. Entrada gratuíta.
21.00 h. (j)	Cine + Guerra Civil <b>Programa 13. Un proxecto político para España: o final da guerra</b> 56´. Entrada gratuíta.
Luns 17 20.30 h.	Novas perspectivas do cine contemporáneo: MUTACI(O)NES <b>SARABAND</b> Ingmar Bergman, 2003. 107´. Vídeo. Subtítulos en castelán.
Martes 18 20.30 h.	Novas perspectivas do cine contemporáneo: MUTACI(O)NES <b>HONOR DE CAVALLERIA</b> Albert Serra, 2006. 103´. Subtítulos en castelán.
Mércores 19 18.00 h. (P)	Novas perspectivas do cine contemporáneo: MUTACI(O)NES Mesa redonda " <b>Nova cinefilia: crítica cinematográfica e revistas cinematográficas on line desde Galicia</b> " coa presenza de José Manuel López, Martin Pawley e un membro do equipo da revista "Cinema Friki". Entrada gratuíta.
20.30 h. (P)	Novas perspectivas do cine contemporáneo: MUTACI(O)NES Mesa redonda " <b>As mutacións da crítica</b> ". Interveñen Carlos F. Heredero, José Luis Fecé, Roberto Cueto e Gonzalo de Lucas. Entrada gratuíta.
Xoves 20 18.00 h. (P)	Novas perspectivas do cine contemporáneo: MUTACI(O)NES Mesa redonda " <b>Mutacións da difusión: o DVD</b> ", con membros das empresas do sector videográfico "Cameo", "FNAC", "Notro Films" e "Intermedio". Entrada gratuíta.
20.30 h. (P)	Novas perspectivas do cine contemporáneo: MUTACI(O)NES Mesa redonda " <b>Hibridacións da ficción: Novos relatos</b> ", moderada por Ángel Quintana coa presenza dos cineastas Albert Serra e Isaki Lacuesta. Entrada gratuíta.
Venres 21 20.30 h.	Novas perspectivas do cine contemporáneo: MUTACI(O)NES <b>LA LEYENDA DEL TIEMPO</b> Isaki Lacuesta, 2006. 115´.

#### INFORMACIÓN XERAL

Todas as películas proxéctanse en versión orixinal, agás indicación contraria.

A duración das películas é orientativa e aproximada.

Esta programación pódese ver alterada por razóns alleas á nosa vontade.

Unha vez iniciada a sesión non se permitirá a entrada á sala de proxeccións.

As sesións de Aforo Limitado teñen reservadas un número indeterminado de butacas.

As sesións sinaladas con (P) inclúen algún tipo de presentación ou conferencia previa á proxección.

As sesións sinaladas con (!) sofren modificacións sobre os horarios habituais.

PREZO DA ENTRADA

Xeral: 1'20 €

Carné Xove: 0'60 €

Abono para 10 sesións: 9 €

As sesións de Entrada Gratuíta notificaranse no programa.

A venda de entradas iniciarase 30 minutos antes de comezar a sesión (non se venden entradas por anticipado).

Só se venderán un máximo de dúas entradas por persoa.

SALA DE PROXECCIONS

CGAI. Durán Loriga, 10 baixo. 15003 A Coruña

Tel.: 981 203 499. Fax: 981 204 054

E-mail: [programacion@cgai.org](mailto:programacion@cgai.org)

<http://www.cgai.org>

XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN

DIRECCIÓN XERAL DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL

Centro Galego de Artes da Imaxe

**CINE + GUERRA CIVIL:**

En colaboración coa Universidade da Coruña e Filmoteca Española.

"Tras a sublevación militar contra a legalidade republicana e o tráxico desencadeamento da guerra civil, o cinema español –e particularmente o realizado no bando leal ao goberno democrático- chegará a desenvolver un dos máis fértiles períodos históricos do noticiario e o documental mundiais considerados no seu conxunto, evocando case sen matizacións un cinema de excepción vinculado a experiencias revolucionarias e soviéticas, mentres o cinema de ficción desaparecerá case totalmente, aínda que con excepcións tan significativas como o accidentado e contradictorio intento dunha produción anarcosindicalista de longametraxes comerciais.

Nos dous bandos, con todo –porque tamén o documental nacionalista presenta pezas de inusitado interese-, a guerra civil supón de feito a primeira experiencia histórica do uso do cinema sonoro ao servizo dos intereses en loita, e, xunto á fotorreportaxe e ao cartelismo, creará novas pautas e modelos para a utilización da reportaxe e do noticiario como elementos de mobilización, información e contrainformación, de propaganda política e militar en definitiva, dando un enorme pulo ao documental, capaz de abordar –se ben con resultados dispares- audaces experimentacións de linguaxe.

Tras a fin do conflito, a guerra e o exilio converteranse –con lóxicas e, en ocasións, forzosas oscilacións históricas- en núcleo semántico último dalgúns dos máis destacados dos filmes da nosa Historia.

Sobre estes e outros aspectos versarán os relatorios do presente seminario, en que participan non só relevantes expertos na materia, senón tamén mozos investigadores que traballan sobre o tema na actualidade.

As sesións complementanse cun ciclo de proxeccións que, para alén dos títulos máis célebres de/e sobre o conflito bélico e as súas consecuencias, incorpora documentais, reportaxes e noticiarios que permiten seguir o seu desenvolvemento desde xullo de 1936 até o seu desolador remate en 1939".

José Luis Castro de Paz

Trece programas e catro significativas longametraxes que comprenden imaxes ben tomadas durante a propia guerra civil española, ben directamente inspiradas por ela. Os programas succédense en orde cronolóxica e distribuídos por contidos

(frontes de batalla, eleccións temáticas, personaxes e acontecementos relevantes,...). Na maioría dos casos a duración dos traballos fílmicos correspóndese coa metraje conservada, aínda que a súa condición urxente e mesmo colectiva de elaboración, o complexo clima posbélico e o tempo transcorrido contribúen á fragmentariedade e difícil atribución de moitos deles. As proxeccións complementan a celebración do seminario "Cine e Guerra Civil", organizado conxuntamente coa Universidade da Coruña entre os días 6 e 8 de xullo e dirixido polo historiador de cine e profesor de Comunicación Audiovisual na Universidade de Vigo José Luis Castro de Paz.

## **PROGRAMAS DA GUERRA CIVIL.**

### **PROGRAMA Nº 1:**

#### **Fracaso do levantamento militar en Barcelona e actividade das columnas anarquistas na fronte de Aragón ao comezo da guerra**

**Duración: 1h 29'45".**

Entre os días 17 e 20 de xullo de 1936 comeza o levantamento en distintas partes de España. En Barcelona sucede na noite do 18 ao 19 de xullo e é inmediatamente sufocado. Aproveitando o alzamento, os anarquistas propugnan a revolución como resposta, iniciando unha avanzada cara a Aragón e tomando o poder en Cataluña. As columnas anarquistas saen en dirección a Zaragoza, Huesca e Teruel, pero non acadan o seu obxectivo na primeira avanzada. Simultaneamente ao seu avance, os anarquistas van impoñendo a revolución social nas zonas conquistadas.

#### **REPORTAJE DEL MOVIMIENTO REVOLUCIONARIO EN BARCELONA**

(España, 1936)

**Dirección:** Mateo Santos. **Produción:** Oficina de Información y Propaganda de la CNT/FAI. **Fotografía:** Ricardo Alonso. **Duración conservada:** 20'51".

Reportaxe incompleta dos sucesos ocorridos en Barcelona do 19 ao 23 de xullo. Imaxes do final da represión do levantamento militar acompañadas de barricadas nas rúas, cuarteis, conventos e edificios danados, así como presos liberados do cárcere Modelo. A CNT aparece controlando a situación e días máis tarde as columnas anarquistas, ao mando de Durruti e Pérez Farrás, saen cara a Aragón, desfilando polas avenidas principais da cidade.

#### **LOS AGUILUCHOS DE LA FAI POR TIERRAS DE ARAGÓN. I**

(España, 1936)

**Produción:** CNT/FAI e Sindicato Único de Espectáculos Públicos de Cataluña.

**Fotografía:** Adrián Porchet, Pablo Willy. **Duración:** 19'52".

Narración das actividades da "Columna Durruti" durante os meses de xullo e agosto de 1936 na fronte de Aragón. Unha vez conquistado Burjaraloz e convertido en cuartel xeral dos "aguiluchos", proseguen o seu avance cara a Pina del Ebro e Gelsa. O comentario fai unha descrición eloxiosa de Durruti e glosa a alianza UXT/FAI nas milicias antifascistas.

#### **LOS AGUILUCHOS DE LA FAI POR TIERRAS DE ARAGÓN. II**

(España, 1936)

**Produción:** CNT/FAI e SUEP. **Fotografía:** Adrián Porchet. P. Weschevk.

**Duración:** 7'33".

Continúa o relato das actividades da "Columna Durruti" na zona de Pina del Ebro incluíndo a toma da vila de Osera.

#### **LOS AGUILUCHOS DE LA FAI POR TIERRAS DE ARAGÓN. III**

(España, 1936)

**Produción:** CNT/FAI e SUEP. **Fotografía:** Adrián Porchet. **Duración:** 24'57".

As actividades das columnas das milicias antifascistas no cuartel de Bujaraloz e o seu avance até conquistar o pobo de Siétamo.

### **LA BATALLA DE FARLETE**

(España, 1936)

**Producción:** CNT/FAI e SUEP. **Fotografía:** Adrián Porchet. **Duración:** 16'32".

Cuarto documental da serie que recolle as actividades inmediatamente anteriores á batalla de Farlete, o 8 de outubro de 1936, das milicias antifascistas da "Columna Durruti".

## **PROGRAMA Nº 2:**

### **A defensa de Madrid**

**Duración:** 1h 12'50".

A defensa de Madrid constitúe o feito máis destacado da guerra. Iniciada en outubro de 1936, a cidade non cae até o 28 de Marzo de 1939, uns días antes de rematar a guerra. Participan na defensa de Madrid as Brigadas Internacionais e sinaladas figuras de intelectuais españois e estranxeiros, facilitando unha importante creación artística sobre o tema. Relacionadas coa defensa da capital sucédense batallas tan importantes como as de Guadalaxara, Jarama, Brunete, etc..., cunha gran concentración de forzas por ambos os contendentes, participando desde os anarquistas cataláns e as Brigadas Internacionais a tropas regulares mouras. O centro da defensa desenvólvese entre os meses que van de outubro de 1936 a maio de 1937, converténdose posteriormente nunha fronte máis estable até o final da guerra. A consigna NO PASARÁN, lanzada para defender Madrid, convértese no primeiro berro da República.

### **DEFENSA DE MADRID (Segunda Parte)**

(España, 1936)

**Dirección:** Ángel Villatoro. **Producción:** Socorro Rojo Internacional coa colaboración da Alianza de Intelectuales Antifascistas para la Defensa de la Cultura.

**Duración:** 10'41".

Documental de propaganda que anima a poboación á defensa de Madrid, á protección das obras de arte e dá instrucións para protexerse dos bombardeos. Celébrase un mitin da Alianza de Intelectuais Antifascistas, no que interveñen Lafargue, Aragón ou Regler, mentres Alberti recita en directo o poema "Madrid, corazón de España".

### **IN DEFENCE OF MADRID**

(España, 1936)

**Producción:** Laya Films (Comisariat de Propaganda de la Generalitat de Catalunya). **Duración:** 9'56".

Documental sobre os bombardeos e a defensa de Madrid. As rúas exhiben carteis instando á mobilización; un aviadador republicano, con impactos na fuselaxe do seu caza, explica a súa actuación contra os bombardeos inimigos. Prodúcense novos recrutamentos e o batallón Thaelmann prepara a súa saída para a fronte.

### **AYUDA A MADRID**

(España, 1936)

**Producción:** Sindicato de la Industria del Espectáculo de Barcelona, CNT/FAI.

**Fotografía:** Félix Marquet, Juan Pallejá. **Duración:** 7'16".

Descrición das actividades das organizacións a cargo da CNT/FAI de Barcelona, relacionadas co envío de víveres a Madrid nos primeiros meses do ataque polas forzas reaccionarias á cidade.

### **MADRID. CERCO Y BOMBARDEAMIENTO DE LA CAPITAL DE ESPAÑA**

(España, 1937)

**Producción:** Films Patria. **Duración:** 16'18".

Filmación de finais de 1936 e principios do 37 montada e sonorizada con posterioridade. Imaxes dunha viaxe desde Salamanca a Madrid pasando por Ávila, Navalperal e O Escorial, onde diversos personaxes fan o saúdo falanxista. Ruínas e armamentos destruídos na loita. Tropas africanas e falanxistas en Carabanchel e a Cidade Universitaria. A locución describe a defensa de Madrid como un acto criminal contra a súa poboación. Non hai imaxes de combate, só vistas da capital desde a fronte nacional.

## **MADRID**

(España, 1937)

**Dirección:** Manuel Villegas López. **Producción:** Cinema Español. Subsecretaría de Propaganda. **Duración:** 28'39".

Documental con comentario do propio Villegas López destinado a manter o espírito de combate e conmemorar a heroica resistencia de Madrid durante o primeiro ano de asedio nacional. Nunha sucesión cronolóxica, describe o avance fascista cara á capital, a preparación da defensa madrileña, a alarma e desaloxos ante os primeiros bombardeos, as imaxes de vítimas e ruínas das zonas centro e norte da cidade.

### **PROGRAMA Nº 3:**

#### **Gañar a guerra ou facer a revolución: a crise republicana de maio de 1937**

**Duración:** 1h 21'24".

O goberno da República non resiste a sublevación militar debido á falta de coordinación entre as súas forzas. En Cataluña os anarquistas e no resto de España o Partido Comunista e UXT, encabezan a resistencia á sublevación e estruturan o Poder Popular. O goberno da República reorganizase para asumir o control da guerra ao decatarse da necesidade dunha fronte unida forte, pero existen dúas posicións ideolóxicas enfrontadas: os anarquistas –que consideran prioritaria a revolución- e o PC que ve máis importante a unión das forzas para gañar a guerra pensando que logo virá a revolución. O goberno establecido en Valencia intenta tomar o control apoiado polo Partido Comunista, os anarquistas se radicalizan máis tras a morte de Durruti o 20 de novembro de 1937 e a saída de Largo Caballero e o nomeamento de Negrín como xefe de goberno, mentres se asiste á represión dos membros do POUM.

#### **L'ENTERRAMENT DE DURRUTI**

(España, 1937)

**Produción:** Laya Films (Comisariat de Propaganda de la Generalitat de Catalunya).

**Duración:** 5'55".

Reportaxe sobre o paso do cortexo fúnebre de Buenaventura Durruti polas principais rúas de Barcelona. Presiden o dó persoeiros como o presidente da Generalitat Lluís Companys, Tarradellas e García Oliver.

#### **LES CORTS DE LA REPUBLICA ESPANYOLA PROSSEGUEIXEN LA SEVA TASCA LEGISLATIVA A VALENCIA**

(España, 1937)

**Produción:** Comisariat de Propaganda de la Generalitat de Catalunya. **Duración:** 6'56".

Traballo incompleto que amosa a primeira sesión das Cortes da República en Valencia celebrada o 1 de decembro de 1936, despois do seu traslado -por medidas de seguridade- desde Madrid.

#### **TODO EL PODER PARA EL GOBIERNO**

(España, 1937)

**Produción:** Ministerio de Propaganda. **Duración:** 5'18".

Fragmento dunha reportaxe sobre a manifestación producida en Valencia o 14 de febreiro de 1937, en apoio da política de reorganización da dirección da guerra mediante a concentración do poder no goberno. Imaxes de Azaña e de Largo Caballero dirixíndose á multitude.

#### **POR LA UNIDAD HACIA LA VICTORIA**

(España, 1937)

**Dirección:** Fernando García Mantilla. **Produción:** Partido Comunista de España.

**Fotografía:** Serafín Rodríguez, Julio Bris. **Duración:** 33'51".

Reportaxe sobre o desenvolvemento do pleno do Comité Central do Partido Comunista. Intervención dos principais líderes comunistas e delegados de partidos socialistas e comunistas estranxeiros; de militares na fronte e de representantes da España leal. Os discursos ilústranse con imaxes de persoeiros políticos e actividades na fronte e na retagarda.

#### **BAJO EL SIGNO LIBERTARIO**

(España, 1936)

**Produción:** SIE para CNT/FAI. **Intérpretes:** Grup Art Lliure. **Duración:** 15'33".

Documental de propaganda, exemplo de organización revolucionaria nas vilas confiscadas en Aragón, que emprega imaxes doutras reportaxes cenetistas do

arranque da guerra, sobre un fondo de ficción, onde uns cámaras do SUEP van rodar a vida colectivizada na vila de Pina de Ebro.

### **ESPAÑA AL DÍA**

(España, 1937)

**Produción:** Laya Films (Film Popular). **Duración:** 3'51".

Este fragmento de noticiario contén as únicas imaxes conservadas da ornamentación montada para a manifestación que non tivo lugar en Barcelona con motivo do 1 de Maio de 1937, ante a tensión ambiental que vaticinaba a loita que días despois acabaría co predominio anarquista en Cataluña. Imaxes de actos conmemorativos en Caspe e Guadalaxara. Manifestación do 1 de Maio en París.

### **VEINTE DE NOVIEMBRE**

(España, 1938)

**Produción:** SIE Films, para CNT. **Duración:** 10'33".

Homenaxe a Buenaventura Durruti no primeiro aniversario da súa morte. Actos no cine Tivoli de Barcelona e no cemiterio de Montjuich; discursos de García Oliver e outros dirixentes anarquistas. García Oliver narra a historia dos días máis duros do anarquismo nos tempos anteriores á República. O acto transmite o illamento político ao que están sometidos os anarquistas en Cataluña, apreciándose unha notable diferenza entre os persoeiros que asistiron ao enterro de Durruti e os presentes nesta homenaxe.

## **PROGRAMA Nº 4:**

### **Espagne 1936 / España leal en armas**

#### **La guerra en España**

**Duración:** 1h 14'5".

Ambas as películas son montaxes que ofrecen unha visión da guerra civil desde ambos os bandos, facendo un percorrido polas distintas fronteiras onde se combate. "Espagne 1936" é non obstante moito máis ambiciosa, xa que intenta ofrecer unha visión política da guerra, mentres que "La guerra en España" se limita a ofrecer un aspecto estritamente militar.

### **ESPAGNE 1936 / ESPAÑA LEAL EN ARMAS**

(España, 1937)

**Dirección:** Jean Paul Le Chanois. **Produción:** Luis Buñuel para a Subsecretaría de Propaganda. **Fotografía:** Roman Karmen e outros. **Duración:** 34'30".

Documental de montaxe, de denuncia e intervención, con comentarios de Luis Buñuel e Pierre Unik que recompila material diverso, destinado á súa difusión no estranxeiro. Recolle parte dos feitos acaecidos en España a partir da caída da monarquía, incluídos os sucesos revolucionarios de Asturias (1934), facendo un resumo do levantamento militar contra o goberno legalmente constituído e a evolución da guerra até decembro de 1936. Existe unha montaxe posterior á II Guerra Mundial, produción italiana, que comenta a participación de brigadistas italianos en España.

### **LA GUERRA EN ESPAÑA**

(España, 1937)

**Dirección:** Antonio Solano. **Produción:** FET y de las JONS. Delegación Nacional de Prensa y Propaganda. Sección Iberoamericana. **Duración:** 40'27".

Síntese do desenvolvemento da guerra desde os primeiros momentos até a toma de Bilbao. Imaxes de Andalucía e das tropas mouras. Republicanos en Zaragoza. Tropas nacionalistas nos arredores da fronte de Madrid. Desfile en Málaga tras a conquista. Ruínas do Alcázar de Toledo.

## **PROGRAMA N° 5:**

### **FUEGO EN ESPAÑA**

(España, 1937)

**Producción:** Hispano Film Argentina sobre materiais do Noticiero Nacional de Film Popular e Laya Films. **Duración:** 58'.

Filme de compilación realizado con noticias procedentes de "España al Día", noticiero editado por "Film Popular", produtora próxima ás posicións do Partido Comunista e Laya Films, firma dependente do Comisariado de Propaganda da Generalitat de Cataluña. Editaron, primeiro conxuntamente e logo por separado, este importante noticiero que consegue periodicidade semanal e distribución no estranxeiro co título de "Noticias de España". As noticias seleccionadas dan unha panorámica da guerra vista desde o punto de vista republicano até outubro de 1937, rematando coa conquista de Belchite, presentada como o elo definitivo que provocará a derrota do inimigo.

## **PROGRAMA Nº 6:**

### **ESPAÑA HEROICA (ESTAMPAS DE LA GUERRA CIVIL)**

(España-Alemaña, 1938)

**Director:** Joaquín Reig Gozalbes. **Producción:** Hispano Films Produktion (Berlín).

**Duración:** 86'.

O proxecto de película-reportaxe máis ambicioso desde o lado franquista. Achega unha visión da historia de España que arranca da súa grandeza imperial e as perdas sufridas a través de séculos de decadencia. Presenta a República como unha etapa de disturbios e convulsións na que o país chega ao bordo da súa extinción como nación. A violencia republicana é expresada mesturando imaxes da República e da guerra; a esperanza de *rexeneración* vén dada polos sucesos significativos establecidos pola mitoloxía nacionalista. O alzamento (Franco sae dunha igrexa) viría a salvar a España.

## **PROGRAMA Nº 7:**

### **Fronte de Aragón en 1937**

**Duración:** 1h 59".

Desde o principio da guerra, as milicias antifranquistas encadradas basicamente polas organizacións anarquistas, intentan conquistar a rexión aragonesa. Os ataques contra Zaragoza, Huesca e Teruel son rexeitados até que a finais de 1937 se conquista Teruel. Durante este ano a República sofre unha grave crise interna da que sae fortalecido o goberno central volvendo dirixir a marcha da guerra, desde Valencia e Barcelona. Os anarquistas perden o control das milicias, transformadas en divisións orgánicas do exército do leste, gañando deste xeito efectividade na fronte, o que permite unha serie de vitorias.

### **EL CERCO DE HUESCA**

(España, 1937)

**Producción:** SIE Films. **Fotografía:** Félix Marquet. **Duración:** 10'10".

Documental con leves elementos de ficción sobre as operacións e combates levados a cabo no cerco de Huesca, nos primeiros meses de 1937. A cidade nunca chegou a ser conquistada polas forzas republicanas.

### **ALAS NEGRAS**

(España, 1937)

**Producción:** SIE Films, para o Comisariado de Guerra da 28 División. **Fotografía:** Félix Marquet. **Duración:** 12'51".

Reportaxe sobre a actividade da 28 División e outras forzas republicanas na fronte norte de Aragón. Amósanse imaxes dun forte bombardeo sobre Lleida realizado pola aviación franquista.

### **ARAGÓN 1937**

(España, 1937)

**Producción:** Laya Film. **Fotografía:** Manuel Berenguer. **Duración:** 16'.

Realizado desde a perspectiva do nacionalismo catalán, amosa a vida e organización da produción nas zonas republicanas de Aragón. Presenta Aragón como a vangarda da defensa de Cataluña.

### **EL GENERAL POZAS VISITA EL FRENTE DE ARAGÓN**

(España, 1937)

**Producción:** SIE Films. **Duración:** 4'24".

O xeneral Pozas, xefe do exército do leste, visita a zona de Bujaraloz. Filme significativo por situarse no punto crítico da transformación das milicias antifascistas de orixe anarquista no exército do leste, transformación que se concreta na visita ao cuartel xeral da 26 División, antes chamada "Columna Durruti".

### **L A TOMA DE TERUEL**

(España, 1937)

**Producción:** SIE Films. **Duración:** 6'53".

Os primeiros momentos da conquista de Teruel, única cidade conquistada polas tropas republicanas. Contén imaxes da conquista de Belchite, presentada como a operación que abre paso a Teruel. Imaxes das rúas da cidade con destrucións, barricadas e movementos de tropas.

### **TERUEL HA CAÍDO**

(España, 1937)

**Dirección e fotografía:** Miguel Mutiño. **Producción:** SIE Films. **Duración:** 10'22".

Documental da manifestación celebrada en Barcelona o 27 de decembro de 1937 para conmemorar a caída de Teruel, presentada como proba dos beneficios da

unificación do mando republicano e a reorganización das forzas armadas. Á manifestación asisten importantes persoeiros con discursos de Emilio Vanderverle, Rafael Vidiella, secretario xeral do P.S.U.C., León Jouhaux (C.N.T. francesa) e o presidente Lluís Companys.

## **PROGRAMA Nº 8:**

### **A fin da Fronte Norte: Conquista do País Vasco, Santander e Asturias**

**Duración: 1h 34'40".**

Durante o verán e outono de 1937, o exército franquista conquista a totalidade da cornixa Cantábrica con importantes apoios alemáns e italianos. Primeiro Euskadi (Bilbao é tomada o 2 de xuño) e por último Oviedo e Xixón o 21 de outubro de 1937, constitúen serios reveses para os exércitos republicanos, que intentan distraer forzas lanzando fortes ataques en Aragón e no centro da Península. Durante estas batallas prodúcese o bombardeo de Guernica do que non se localizaron imaxes.

### **EL FRENTE DE VIZCAYA Y EL 18 DE JULIO**

(España, 1937)

**Producción:** FET y de las JONS. **Duración:** 44'23".

Importante documental franquista sobre o avance das Brigadas Navarras a través de Euskadi até a conquista de Bilbao. Contén imaxes de numerosas poboacións conquistadas, do "cinto de ferro" (liña defensiva fortificada construída polas forzas republicanas ao redor de Bilbao que non foi eficaz), e presenta as ruínas de Guernica. O comentarista achaca a catástrofe a un incendio provocado polos dinamiteiros republicanos. Contén a celebración do primeiro aniversario do 18 de xullo celebrado en Burgos cun acto falanxista en honor dos caídos e no que á luz dos fochos e baixo emblemas nazis e fascistas, aclaman aos caídos pola causa.

### **LOS CONQUISTADORES DEL NORTE**

(España, 1937)

**Producción:** Sección Cinematográfica FET y de las JONS. **Duración:** 45'17".

Este documental pódese considerar como continuación do anterior. Segue o avance das Brigadas Navarras e a liquidación da Fronte Norte, coa toma de Santander e Xixón. As Brigadas son logo homenaxeadas en San Sebastián e condecoradas por Franco en Pamplona (9 de novembro de 1937) coa Cruz Laureada de San Fernando, máxima condecoración militar española.

### **EL PRESIDENTE DE EUSKADI**

(España, 1937)

**Producción:** LAYA Films. **Duración:** 5'.

Despois da caída de Bilbao, o presidente de Euskadi José Antonio Aguirre viaxa a Francia e desde alí diríxese a Cataluña, onde instala a sede provisional do goberno vasco. Imaxes da chegada ao aeroporto de Reus e da viaxe até Barcelona, pasando polo arco de Bará, Villafranca, Villarana, Cervello e Molina de Llobregat. En Barcelona recíbeo o alcalde e máis tarde na Generalitat o presidente Companys. Versión catalá.

## **NOTICIARIO ESPAÑOL**

**En razón da súa duración, o conxunto dos noticiarios divídese en tres programas (nº 9, 10 e 11)**

Producido polo Departamento Nacional de Cinematografía, este noticiario é o primeiro que obtén regularidade de edición no lado franquista, desenvolvendo o papel de órgano oficial de información do recentemente creado "Movimiento Nacional". Ao longo dos 18 números editados -sobre un total de 32- durante a guerra, o noticiario traza unha auténtica panorámica da vida oficial na España franquista, con imaxes que permiten facerse unha idea da vida real, incluso a través dos desfiles e conmemoracións. O primeiro número contén noticias de abril e maio de 1938 e o nº 18 relata os últimos días da guerra. A maior parte das noticias corresponden a actos militares e conmemoracións políticas, pero intercalan imaxes como o recitado dun romance popular en Pobra de Sanabria (Zamora), inmerso nun clima trágico no que as mulleres dunha vila, onde todos os homes están ausentes ou mortos, recitan/cantan unha curiosa versión da canción infantil "Mambrú se fue a la guerra".

### **PROGRAMA Nº 9:**

**Duración: 1h 13'42".**

#### **Noticiario Español nº 1. Abril-maio 1938**

**Duración: 16'23".**

Contén as seguintes noticias: combates na Cidade Universitaria de Madrid. Actividades da Organización Falanxista Auxilio Social en Vinaroz inmediatamente despois da toma desta vila. Conmemoración do día de San Fernando na Granja (Segovia). Actos de solidariedade italo-españóis. Avance das tropas franquistas en Tortosa (Tarragona). Delegados militares visitan a zona do Alto do León (serra de Madrid) onde tiveron lugar duros combates. Construción do monumento ao xeneral Mola, morto a finais de xuño de 1937. Primeira revista naval, presidida polo xeneral Franco, celebrada no Mediterráneo, no porto de Vinaroz.

#### **Noticiario Español nº 2. Maio-xuño 1938**

**Duración: 11'56".**

Contén estas noticias: actos conmemorativos da liberación de Bilbao coa presenza dos xenerais Moscardó, Solchaga, García-Valiño e López Pinto. Presentación de cartas credenciais do Nuncio de SS e do embaixador de Portugal, en Burgos. Recollida da colleita. Ruínas do Palacio do Infantado en Guadalaxara e manipulación de imaxes: correspondendo a xuño de 1936, inmediatamente posteriores á represión da sublevación en Guadalaxara, preséntanse como se fose un palacio que acabasen de incendiar os roxos. Entrada das tropas franquistas en Castellón: imaxes da entrada das tropas e rótulos alusivos ás actividades políticas republicanas na cidade. O secretario da Falanxe, Fernández Cuesta, asiste á botadura do cruceiro "Navarra" en Ferrol.

#### **Noticiario Español nº 3. Xullo 1938**

**Duración: 10'.**

Contén as seguintes noticias: conmemoración en Ourense do segundo aniversario da morte de Calvo Sotelo. Xura de bandeira dos alféreces de Infantería. Guerra en Levante: operacións do exército franquista na zona de Castellón. Grupos de prisioneiros reparando estradas. Ruínas das vilas de Bielsa e Parsan no Perineo de Huesca. Imaxes do saqueo dunha igrexa por milicianos republicanos en localización non identificada (posible ficción). Actividades da organización falanxista Auxilio Social.

#### **Noticiario Español nº 4. Xullo 1938**

**Duración: 9'33".**

Contén as seguintes noticias: ofrenda anual de España ao Apóstolo Santiago celebrada o 25 de xullo polo ministro do Interior Sr. Serrano-Suñer. Entrega do Pazo de Meirás, palacio preto da Coruña, doado polo concello ao xeneral Franco. Procesión mariñeira da Virxe do Mar en Santurce (Biscaia). Guerra en Levante: operacións das columnas do xeneral Asensio na zona de Nules e Burriana en Castellón. Ruínas de ambas as vilas. Algemesi, delegación americana do comité de axuda á España republicana. Segovia: representación dun auto sacramental polo teatro da Falanxe. O xeneral Millán Astray e o coronel Beigbeder son agasallados por persoeiros marroquís.

#### **Noticiero Español nº 5. Xullo-agosto 1938**

**Duración:** 10'30".

Contén as seguintes noticias: Peñíscola (Castellón) que vén de ser liberada. Operacións na batalla do Ebro. Toma do macizo e o val do Pando en manobras dirixidas polo xeneral Alonso Vega. Imaxes da zona republicana: Conmemoración en Madrid (novembro 1937) do 20 aniversario da revolución soviética. O comentarista presenta a Madrid totalmente sometido á ditadura comunista. Fronte de Extremadura: Colleitas queimadas no Val da Serena (Badaxoz). Ponte voada en Don Benito (Badaxoz). Inspectoras da Sección Feminina da Falanxe visitan unha vila.

#### **Noticiero Español nº 6. Setembro 1938**

**Duración:** 15'20".

Contén as seguintes noticias: inauguración dunha exposición de Auxilio Social en Bilbao. Os xenerais Varela e Moscardó nunha exposición de material de guerra capturado ao inimigo. Nuremberg: congreso anual do partido nazi; preside Hitler asistindo o xeneral Espinosa de los Monteros como representante de España. Acordo de Múnic: Chamberlain, Dedalier e Mussolini acoden a Múnic onde os recibe Hitler.

### **PROGRAMA Nº 10:**

#### **NOTICARIO ESPAÑOL**

**Duración:** 1h 13'51".

#### **Noticiero Español nº 7. Setembro-outubro 1938**

**Duración:** 11'40".

Contén as seguintes noticias: plantacións de arroz nas Marismas do Guadalquivir. Escola maternal instalada polo Auxilio Social da Falanxe en Sevilla. Curso de cultura física impartido pola sección feminina da Falanxe en Santander. Festas colombinas en Huelva. Entrada das tropas alemás na rexión dos Sudetes en Checoslovaquia. Recibimento dos Sudetes alemás a Hitler.

#### **Noticiero Español nº 8. Outubro 1938**

**Duración:** 12'.

Contén as seguintes noticias: escavacións arqueolóxicas da batalla do Alcazarquivir de 1578. Visita da Delegada Nacional de Sección Feminina ao local de Piedralaves (Ávila). Cádiz: Visita de Sancho Dávila (xefe da organización xuvenil da Falanxe) á escola de frechas navais. Escola provincial de mandos en Sevilla. Lanzamento de propaganda con foguetes sobre o centro de Madrid. Imaxes da zona republicana: unha muller fala nun mitin na vía pública. Franco, en presenza dos xenerais Dávila, Millán Astray, Kindelan e Berti, impón condecoracións a militares italianos. Celebración en Burgos da elevación á xefatura do Estado do xeneral Franco asistindo persoeiros civís e relixiosos e representantes italianos e alemás.

#### **Noticiero Español nº 9. Outubro-novembro 1938**

**Duración:** 13'6".

Contén as seguintes noticias: mosteiros e sepulcros onde que se gardan os restos dos reis de España. Pilar Primo de Rivera, recibe en Salamanca a Doutora Juta Reiminger, xefa das xuventudes femininas nacionalsocialistas. Celébrase en Bilbao un desfile en conmemoración da ascensión de Franco á xefatura do Estado. Batalla do Ebro: no sector de Gandesa os xenerais García-Valiño e Delgado Serrano dirixen as operacións. Celebración do día da Raza (12 de outubro) no Mosteiro da Rábida (Huelva) e en Zaragoza. Os lexionarios italianos saen rumbo á súa patria desde Cádiz, sendo despedidos polo xeneral Berti e os xenerais españois Millán Astray e Queipo de Llano. A expedición chega a Italia, onde é recibida polo Rei Emperador (Amadeo II).

### **Noticiero Español nº 10. Outubro-novembro 1938**

**Duración:** 11'20".

Contén as seguintes noticias: Oropesa: o xeneral Millán Astray impón condecoracións ao xeneral Bartomeu e a outros xefes e oficiais, así como a enfermeiras liberadas do cativerio roxo. Bombardeo republicano sobre Cabra (Córdoba). Conmemoración do primeiro aniversario da liberación. Inauguración do monumento ao tenente coronel Gallego no monte Naranco de Oviedo. Primeira corrida de touros celebrada en Oviedo desde a súa liberación. Burgos: Celebración do 20 de novembro de 1938, 2º aniversario da morte de José Antonio, asistindo Pilar Primo de Rivera, Serrano Suñer e Franco.

### **Noticiero Español nº 11. Decembro 1938**

**Duración:** 12'40".

Contén as seguintes noticias: inauguración por Queipo de Llano de vivendas sociais en Sevilla. Albergue de xuventudes da sección feminina. Bilbao, visita do embaixador de Manchukuo. Dionisio Ridruejo visita o campamento de mandos da falanxe en Coca (Segovia). Exercicios de instrución da garda musulmá do xeneral Franco en Burgos. Abandeiramento do pesqueiro armado "Álava" no porto de Pasaxes. Mensaxe de ano novo do xeneral Franco.

### **Noticiero Español nº12. Xaneiro 1939**

**Duración:** 13'5".

Contén as seguintes noticias: barco republicano refuxiado no porto de Xibraltar; o minador Vulcano axecha a súa saída. Pobra de Sanabria: romance popular cantado polas mulleres dunha vila onde non quedan homes. Franco dirixe as operacións na fronte de Cataluña na zona de Pola de Gandella. En zona republicana: imaxes que ilustran as relacións entre a UXT e a CNT en 1937. Celebración tradicional do Nadal en Carbajales de Alba (Zamora). Burgos: o embaixador de Xapón presenta as súas cartas credenciais. Franco acode á celebración do Ano Santo Compostelán.

## **PROGRAMA Nº 11:**

### **NOTICIARIO ESPAÑOL**

**Duración: 1h 18'8".**

#### **Noticiero Español nº 13. Xaneiro 1939**

**Duración: 12'25".**

Contén as seguintes noticias: o ministro do interior Serrano Suñer visita Sitges que acaba de ser conquistada. Avance cara a Barcelona: o exército nacionalista cobre os últimos quilómetros até Barcelona e entra na cidade. Primeiras imaxes nacionalistas de segunda liña entrando en Barcelona. Nos sotos do castelo de Figueras atópase un gran cúmulo de xoias e valores preparados polas autoridades republicanas para a súa saída de España. O exército franquista avanza cara á fronteira por terras de Xirona. Xirona conquistada polo exército franquista. O xeneral Alonso Vega é aclamado polos soldados. Os cónsules estranxeiros acreditados en Barcelona visitan a checa da rúa Vallmajor.

#### **Noticiero Español nº 14. Xaneiro 1939**

**Duración: 11'55".**

Contén as seguintes noticias: Xixón: o destrutor Ciscar, destruído pola aviación franquista antes da toma da cidade, é extraído das augas e posto en servizo. Fronte de Cataluña: o xeneral Bautista Sánchez en Tarragona e o xeneral Solchaga en Lleida. Imaxes de destrucións e de axudas aos damnificados.

#### **Noticiero Español nº 15. Xaneiro-febreiro 1939**

**Duración: 13'50".**

Contén as seguintes noticias: Málaga: estudantes visitan A Alcazaba. O rexemento de propaganda lanza foguetes con panfletos sobre as liñas inimigas e fai funcionar o altofalante da fronte. Tortosa: ponte sobre o río Ebro destruída polos republicanos. Auxilio Social da Falanxe repartindo comida en Tortosa e Tarragona. Conmemoración da conquista de Granada polos Reis Católicos. Barcelona: o xeneral Yagüe aclamado pola multitude e fuxitivos republicanos pasando a fronteira por Le Perthus.

#### **Noticiero Español nº 16. Febreiro-marzo 1939**

**Duración: 13'58".**

Contén as seguintes noticias: recepción no xardín da residencia do xeneral Franco en Burgos no transcurso da cal a súa filla xoga cunha cría de león. En zona republicana: congreso de intelectuais antifranquistas en Benicarló. O dirixente falanxista Rafael Sánchez Mazas conta o seu fusilamento e fuxida da prisión en zona republicana no castelo de Figueras. Franco pasa revista á Armada no porto de Tarragona.

#### **Noticiero Español nº 17. Marzo-abril 1939**

**Duración: 13'30".**

Contén as seguintes noticias: tesouros acumulados polos republicanos no Castelo Figueras. Barcelona: procesión do Cristo de Lepanto. A esposa de Franco visita Segovia. En zona republicana, "Congreso de axitadores internacionais". Exercicios de instrución de tropas de montaña na serra de Guadarrama. Burgos: Miguel Primo de Rivera fala do seu encarceramento en Alacante e dos últimos momentos do seu irmán José Antonio. Burgos: presentación de cartas credenciais do mariscal Petain. Franco entrega o subsidio familiar a 37 familias numerosas de Burgos.

#### **Noticiero Español nº 18. Abril-xuño 1939**

**Duración: 12'30".**

Contén as seguintes noticias: O Escorial liberado polas tropas franquistas. Madrid: enterro do aviador e membro do Consello Nacional da Falanxe, Joaquín García

Maroto, morto en accidente. Entrada das tropas nacionalistas en Alacante. Misa conmemorativa no cuartel da Montaña (Madrid). Presentación das cartas credenciais do embaixador de Gran Bretaña en Burgos. Procesión de Semana Santa en Murcia. Exhumación en Alacante do cadáver do fundador da Falanxe José Antonio Primo de Rivera. Valencia: entrada das tropas franquistas en Valencia. O ministro do Interior, Serrano Suñer, fala para Hispanoamérica.

## **PROGRAMA Nº 12:**

### **A intervención estranxeira**

**Duración: 1h 09'48".**

A intervención estranxeira na guerra acada gran importancia para ambas as partes. O lado republicano é auxiliado por forzas voluntarias procedentes de varios países europeos, Canadá e América, recrutadas a través dos partidos e organizacións progresistas. Igualmente recibe armamento da Unión Soviética e doutros países. O lado franquista é apoiado por forzas militares en unidades non orgánicas pertencentes aos exércitos alemán e italiano. O comité de Non-Intervención, creado a proposta de Francia e integrado pola maioría dos países da Sociedade de Nacións, opúxose á presenza destas forzas firmándose en 1938 un acordo de retirada cumprido por parte republicana en outubro e novembro, mentres as unidades italianas e alemás permanecían en España até o final da guerra, participando no desfile da vitoria en Madrid o 19 de abril de 1939.

### **BRIGADAS INTERNACIONALES**

(España, 1937)

**Duración: 5'58".**

Título descriptivo dado a este fragmento con imaxes de unidades das Brigadas Internacionais. Aparecen nun acto co xeneral Miaja, xefe da Xunta de Defensa de Madrid, marchando cara á serra de Guadarrama; nas trincheiras da fronte; Jesús Hernández, ministro de Instrución Pública, entre un grupo de oficiais.

### **THE INTERNATIONAL BRIGADES**

(España, 1938)

**Produción: Film Popular. Duración: 7'18".**

Noticias procedentes da serie de noticiarios "Spain Today", editados por Film Popular para a súa difusión foránea. O coronel Modesto e o presidente do goberno, Negrín, fálalles ás Brigadas. Multitudinario desfile dos Brigadistas antes de embarcar para os seus distintos países de orixe.

### **NORTEAMÉRICA EN ESPAÑA / CONGRESSMEN IN SPAIN**

(España, 1938)

**Produción: Film Popular. Duración: 6'30".**

Reportaxe sobre a visita dos congresistas americanos Jerry O'Connor e John Fitzell a España. Actos en Valencia, Albacete e Madrid, nos que participan autoridades e combatentes norteamericanos das Brigadas Internacionais, inclúe imaxes da celebración do primeiro aniversario, celebrado en Albacete, da chegada das Brigadas Internacionais a España. "Congressman in Spain" é a versión inglesa do mesmo material.

### **VOLUNTARIOS DE LA LIBERTAD**

(España, 1938)

**Produción: Subsecretaría de Propaganda. Duración: 17'17".**

Dous fragmentos de copión sen son, posiblemente do mesmo documental. Imaxes dunha recepción ofrecida polo goberno da República aos brigadistas internacionais, con discursos de Negrín e outros líderes. Desfile en Barcelona de tropas do exército republicano e brigadistas internacionais xa desarmados. Imaxes dun banquete en

honor dos brigadistas internacionais e homenaxe a eles con motivo da súa despedida de España en outubro de 1938.

### **PRISIONEROS DE GUERRA**

(España, 1938)

**Produción:** Departamento Nacional de Cinematografía. **Fotografía:** Enrique Gaetnes. **Duración:** 13'59".

Documental sobre o tratamento dado aos prisioneiros das Brigadas Internacionais no lado nacionalista. Imaxes de reconstrución co sanatorio de Lierganes e o palacio de Lerma transformado en hospital de guerra.

### **PRESENTACIÓN DE CARTAS CREDENCIALES DEL EMBAJADOR ALEMÁN EN SALAMANCA**

(España, 1938)

**Produción:** Films Nueva España. **Duración:** 8'33".

Título descriptivo dado a este material de traballo no que aparecen distintas formacións militares e unha gran multitude aclama o xeneral Franco e o embaixador alemán Wilhelm von Faupel á súa chegada á Praza Maior de Salamanca, e no interior do concello.

### **NOS PRISIONNIERS**

(España, 1938)

**Produción:** Subcomisariado de Agitación y Propaganda del Comisariado Gral. de Guerra. **Duración:** 9'28".

Documental sobre o trato que reciben os prisioneiros en poder do goberno republicano. Entrevistas con M<sup>a</sup> Luisa Larios, enfermeira falanxista e co comandante Antonio Lucio e outros prisioneiros italianos.

## **PROGRAMA Nº 13:**

### **Un proxecto político para España: o final da Guerra**

**Duración:** 41'58".

Franco expón as súas ideas sobre a organización de España. Igualmente se inclúen documentos sobre a entrada das tropas franquistas en Madrid, ocorrida catro días antes do final da guerra e sobre o conseguinte desfile conmemorativo da vitoria.

### **FRANCO EN SALAMANCA I**

(España, 1937)

**Duración:** 4'51".

Fragmento dun documental realizado para a súa difusión no estranxeiro. Contén imaxes dunha recepción ofrecida ao embaixador alemán Wilhelm von Faupel. Franco traballando no seu despacho e dirixíndose á cámara expresa unha concepción do estado totalitario como futuro para España. Franco coa súa muller e filla, que se dirixe aos rapaces alemáns desexándolles que non coñezan os sufrimentos e tristezas que padecen os rapaces españois.

### **FRANCO EN SALAMANCA II**

(España, 1937)

**Duración:** 1'49".

Outra versión das mensaxes do documento anterior. Franco diríxese á cámara expresando como o mundo reconecerá o sacrificio que España fai por Occidente, e como o traballo será o único expoñente da vontade popular. Logo Franco aparece coa súa muller e filla; esta dirixe unha mensaxe aos rapaces do mundo aos que lles desexa que non sufran os padecementos experimentados polos nenos españois.

### **NOTA EXTRAORDINARIA DEL SEGUNDO AÑO TRIUNFAL**

(España, 1939)

**Producción:** FET y de las JONS. Departamento de Prensa y Propaganda. Sección Iberoamericana. **Duración:** 2'21".

O xeneral Juan Yagüe, membro pioneiro da Falanxe, dirixe un saúdo aos países latinoamericanos explicando como o exército e a falanxe forxan unha España grande e unida para os seus heroes, labradores e artesáns.

### **LA LIBERACIÓN DE MADRID**

(España, 1939)

**Producción:** Departamento Nacional de Cinematografía. **Duración:** 18'1".

Documental sobre a entrada das tropas nacionalistas en Madrid. Imaxes de multitudes aclamando o exército, rendición dos mandos da Cidade Universitaria; columnas de prisioneiros republicanos e falanxistas armados patrullando polas rúas.

### **EL GRAN DESFILE DE LA VICTORIA DE 1939**

(España, 1939)

**Producción:** Departamento Nacional de Cinematografía. **Duración:** 14'56".

Reportaxe do desfile da vitoria en Madrid o 19 de maio de 1939, ao longo do Paseo da Castellana, Recoletos e o Prado. O corpo do desfile –que dura varias horas- está constituído polas unidades do exército do centro, participando representacións dos demais exércitos que interviñeron na guerra, incluíndo unidades da lexión Cóndor alemá e da CTV italiana. Franco é condecorado coa Cruz Laureada de San Fernando, máxima distinción militar española.

### **VIA CRUCIS DEL SEÑOR EN LAS TIERRAS DE ESPAÑA**

(España, 1940)

**Dirección:** José Luis Sáenz de Heredia. **Guión:** Manuel Augusto García Viñolas.

**Producción:** Departamento Nacional de Cinematografía. **Fotografía:** Andrés Pérez Cubero. **Duración:** 14'.

A Semana Santa como metáfora da relixiosidade derivada do triunfo fascista, outra xustificación da vitoria na presunta cruzada e denuncia da actuación do bando republicano. Con locución de García Viñolas, director do Departamento Nacional de Cinematografía, Sáenz de Heredia, parente do homenaxeado Primo de Rivera, preludia a exaltación do seu traballo "de ficción" inminente, "Raza" (1941).

-----

### SIERRA DE TERUEL / L'ESPOIR

(España-Francia, 1939)

**Dirección:** André Malraux. **Guión:** André Malraux, Boris Peskine, Max Aub. **Argumento:** a novela "L'Espoir" de André Malraux. **Produtor:** Edouard Corniglion-Molinier. **Produción:** Subsecretaría de Propaganda do Ministerio de Estado e Productions Corniglion-Molinier (Francia). **Fotografía:** Louis Page. **Intérpretes:** José Sempere, Andrés Mejuto, Julio Peña, Pedro Codina. **Duración:** 79'.

Inesquecible achegamento en clave poética á morte, a soidade e a loita épica e ilusionada dun pobo que, de paso, incide nun aspecto de desequilibrio loxístico que definirá a guerra, a precariedade armamentística do bando leal. A única incursión fílmica de Malraux é un filme insólito –incluída música de Darius Milhaud, colaboración de Aub- e maxistral que non ten estrea en España até 1978, paradoxalmente encistando o sobredimensionado artista e aventureiro francés, posterior ministro de De Gaulle, nunha progresía que iría abandonando.

### ISPANIJA

(Unión Soviética, 1939)

**Dirección:** Esfir Shub. **Guión:** Visevolod Vichnievski. **Produtor:** N.Zaiants, E. Serguéiev. **Produción:** Mosfilm. **Fotografía:** Roman Karmen, Boris Makaseiev. **Duración:** 88'.

Autora dun filme mítico, a remontaxe a partir da metraxa atopada "A caída da dinastía Romanov" (1927), Esfir Shub artella, apoiada nun virtuoso ritmo e capacidade de combinación de imaxes, unha hábil narración que sintetiza a guerra e a loita da Fronte Popular desde a perspectiva comunista. O guión inicial de Mijail Koltsov e a música de Gavriil Popov a partir de cancións populares españolas axudan á construción doutro título fundamental da época.

### SPANISH EARTH

(Estados Unidos, 1937)

**Dirección e guión:** Joris Ivens. **Produción:** Contemporary Historians Incorporated. **Fotografía:** Joris Ivens, John Fernhout, Joop Huisken e Helene Van Dongen. **Duración:** 58'.

O viaxeiro militante Joris Ivens presenta, co dobre obxectivo de alertar a opinión pública mundial e obter fondos para a República, un célebre filme sustentado en dous puntos cardinais: a defensa de Madrid e a xenerosa contribución dun pobo entregado á causa. Avalado por xentes como Lillian Hellman e Ernest Hemingway - autor do comentario narrativo- sobrevive como testemuño do que foi unha guerra de ideais contra intereses.

### EN EL BALCÓN VACÍO

(México, 1961)

**Dirección:** Jomí García Ascot. **Guión:** María Luisa Elío, Jomí García Ascot, Emilio García Riera. **Argumento:** María Luisa Elío. **Produción:** Ascot / Torre N.C. **Fotografía:** José María Torre. **Intérpretes:** Nuri Pereña, María Luisa Elío, Conchita Genovés, Jaime Muñoz de Baena. **Duración:** 64'.

A rapaza Gabriela é testemuña na casa de seus pais da detención dun fuxitivo pola Garda Civil grazas á complicidade dunha muller. Gabriela intúe que seu pai desapareceu, mentres uns rapaces apedran un "roxo" preso. Ela e a súa familia

pasan á zona republicana, reciben a nova da morte do pai e marchan ao exilio. Relato de dor e indignación realizado en México durante 40 fins de semana por exiliados españois que recrea a terrible España bélica facendo xurdir un relato subxectivo e desgarrador, sen concesións e lamentablemente descoñecido.

Agradecementos: FilMOTECA da UNAM (México).

### **Novas perspectivas do cine contemporáneo: MUTACI(O)NES:**

A sección "Mutaci(o)nes", iniciada en xullo de 2005, culmina un ano despois coa celebración de catro mesas redondas nas que se abordan os aspectos fundamentais que configurarían este movemento das Movie Mutations: a nova cinefilia representada polos blogs e as revistas on-line especializados, a crítica cinematográfica vista agora desde unha perspectiva máis distante, o auxe e a consolidación do DVD como método alternativo de difusión e, por último, as novas formas do relato cinematográfico. Un escenario mutante que será analizado nunhas xornadas que adoptan o esquema das tamén celebradas hai agora un ano en torno ao "Cine de autor en España. Un modelo a debate" e que nesta ocasión pretenden tomar o pulso a un dos fenómenos máis singulares do cine contemporáneo.

O mércores día 19 ás 18 horas mesa redonda "**Nova cinefilia: crítica cinematográfica e revistas cinematográficas on-line desde Galicia**" coa presenza de José Manuel López, Martin Pawley e un membro do equipo da revista dixital "Cinema Friki". Ás 20.30 horas mesa redonda "**As mutacións da crítica**", onde interveñen Carlos F. Heredero, José Luis Fecé, Roberto Cueto e Gonzalo de Lucas.

O xoves día 20 ás 18 horas mesa "**Mutacións da difusión: o DVD**", con membros das empresas do sector videográfico "Cameo", "FNAC", "Notro Films" e "Intermedio". Peche ás 20.30 horas coa mesa redonda "**Hibridacións da ficción: Novos relatos**", moderada por Ángel Quintana e coa presenza dos cineastas Albert Serra e Isaki Lacuesta.

### **SARABAND**

(Suecia, 2003)

**Dirección e guión:** Ingmar Bergman. **Produtor:** Pia Ehrnvall. **Produción:** Sveriges TV, DR, NRK, YLE1, RAI, ZDF/ Arte, ORF. **Fotografía:** Raymond Wemmenlöv, Per-Olof Lantto, Sofi Stridh, Jesper Holmström e Stefan Eriksson. **Intérpretes:** Erland Josephson, Liv Ullman. **Duración:** 107 minutos.

O antigo matrimonio formado por Marianne e Johan vólvese atopar na residencia de verán del despois de 30 anos separados. Alí tamén comparecen Henrik, fillo de Johan, viúvo desde hai dous anos e a súa filla Karin. As relacións, a soidade, o poder, mortes e amores sen esquecer, un portentoso e octoxenario Ingmar Bergman revitalizando sempre temas esenciais mentres retoma as criaturas de "Secretos de un matrimonio" (1973). Produción para televisión con partitura de Bach, Bruckner e Brahms.

### **HONOR DE CAVALLERIA**

(España, 2006)

**Dirección e guión:** Albert Serra. **Produtor:** Albert Serra. **Produción:** Notro Films S.L., Eddie Saeta S.A., Underground Films S.L. **Fotografía:** Christophe Farnarier, Eduard Grau. **Intérpretes:** Lluís Crabó, Lluís Serrat, Albert Pla, Xavier Gratacós. **Duración:** 103 minutos.

Participante na Quincena de Realizadores en Cannes, filmada en formato dixital e integramente en exteriores con actores non profesionais, é unha insólita e persoal aproximación ao mito de Don Quixote (definida polo seu creador como a primeira película sobre o Quixote feita por xente quixotesca) que partindo dos personaxes principais da obra e con dúas escenas entresacadas do libro, permite indagar nos

dilemas da creación moderna, do relato baleiro aos distintos fluxos narrativos, a contemplación, o desprendemento, a captación de atmosferas cheas do cotián.

### **LA LEYENDA DEL TIEMPO**

(España, 2006)

**Dirección e guión:** Isaki Lacuesta. **Produtor:** Paco Poch. **Produción:** Mallerich Films, Jaleo Films, De Palacio. **Fotografía:** Diego Dussuel. **Intérpretes:** Israel González Romero, Makiko Matsumura, Francisco José Gómez, Soichi Yukimune, Saray Pinto, Jesús Monje "Pijote". **Duración:** 115 minutos.

A historia de Isra, un rapaz xitano que, despois da morte de seu pai, xa nunca poderá cantar pese a pertencer a unha tradición de cantores, e que vive soñando con poder viaxar algún día lonxe da illa de San Fernando, e a de Makiko, que trata de asimilar unha tradición e unha forma de entender a vida que lle son alleas, e coas que agarda poder afrontar as emocións inexpresables que lle esperta a enfermidade de seu pai. Unha fermosa fábula onde a emoción da vida e a orixe do mito (Camarón) mestúranse con sentido poético, complexas analoxías e fonda indagación nos meandros e identidades da linguaxe fílmica contemporánea.

Agradecementos: Albert Serra, Isaki Lacuesta, Ángel Quintana, José Manuel López, Martin Pawley, Cinema Friki, Carlos F. Heredero, José Luis Fecé, Roberto Cueto, Gonzalo de Lucas, Cameo, FNAC, Notro Films, Intermedio.

.....

Subtitulado en galego: Subtitula'm S.L.

Fichas das películas: [www.cgai.org](http://www.cgai.org)